

CONVENIO DE COLABORACIÓN EN ACTIVIDADES CULTURAIS ENTRE A UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA E A AGADIC, A TRAVÉS DO CENTRO DRAMÁTICO GALEGO

MEMORIA XUSTIFICATIVA

O director da Axencia Galega das Industrias Culturais (Agadic), **DECLARA:**

Que a Axencia Galega das Industrias Culturais (Agadic) pretende formalizar coa Universidade de Santiago de Compostela o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia de 4 anos dende a súa sinatura.

Que o instrumento convencional ten por obxecto:

A colaboración entre a Agadic e a USC para a realización de diferentes actividades culturais e proxectos escénicos que revertan en beneficio da comunidade universitaria e da sociedade. Esta colaboración vén definida polas seguintes condicións:

1. A USC poderá ceder á Agadic distintos locais universitarios, en uso temporal e cando esta última así o solicite, no marco da Normativa para a xestión da cesión temporal de uso dos espazos para a celebración de actividades extra-académicas na USC, sempre dentro das súas dispoñibilidades e sen causar ningún tipo de prexuízo na organización e desenvolvemento das actividades ordinarias da Universidade.
2. Do mesmo xeito, a Agadic poderá ceder á USC o Salón Teatro, en uso temporal e cando esta última así o solicite, para a realización de festivais e representacións teatrais organizadas pola Universidade, sempre dentro da súa dispoñibilidade e sen causar ningún tipo de prexuízo na organización e desenvolvemento das actividades ordinarias do espazo.

A continuación enuméranse, de xeito non taxativo, algunhas das actividades que se desenvolverán no eido deste convenio e que deberán ser comunicadas previamente pola entidade promotora/cesionaria á entidade cedente, de acordo co establecido nestas cláusulas:

Faixas Culturais do espectáculo Manuela Rey is in da house
Faixas Culturais do espectáculo Os actos e as profecías
Festival Internacional de Teatro Universitario no Salón Teatro

Que o instrumento convencional fundaméntase no seguinte:

1 – Que a USC, no cumprimento dos fins que lle son propios de acordo cos seus Estatutos, a través da súa Vicerreitoría de Estudantes e Cultura, inclúe entre os seus obxectivos básicos o fomento e a difusión da cultura entre a sociedade e o



pulo e acollemento de actividades intelectuais en calquera eido da cultura e do coñecemento, cunha significativa dedicación ás artes escénicas.

2 – Que A Agadic, creada pola Lei 4/2008, do 23 de maio de creación da Axencia Galega das Industrias Culturais, é unha axencia pública autonómica. O obxecto da Agadic é, entre outros, o fomento da oferta de bens e servizos culturais, fixado polo artigo 3.1 da Lei, e entre as súas funcións atribúense a de favorecer os produtos que difundan a lingua, a cultura e as tradicións propias de Galicia (artigo 5.b da Lei 4/2008). Para o logro dos seus obxectivos, a Agadic poderá subscribir convenios, realizar actividades comerciais e industriais, conceder subvencións e establecer calquera outra iniciativa de acción tendente á consecución dos obxectivos que se lle atribúen (artigo 5.2 da Lei 4/2008).

Para a consecución destes obxectivos, a Agadic, a través da súa unidade de produción de teatro denominada Centro Dramático Galego (no sucesivo CDG), integrado no Departamento de Producción Teatral da Axencia, produce espectáculos de teatro, ben directamente ou ben en réxime de coprodución con outras compañías e institucións, públicas ou privadas. Estes espectáculos son exhibidos en diversas salas xestionadas pola Agadic, así como en calquera outro espazo e/ou recinto escénico co que se estableza o oportuno acordo de exhibición.

3 – Que a USC e a Agadic, a través do CDG, queren promover actividades nos diferentes espazos de titularidade de xestión da Universidade (Pazo de Fonseca e facultades) e da Agadic, a través do CDG (Salón Teatro).

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados na Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asínase esta memoria, en Santiago de Compostela

Jacobo Sutil Nesta
Director da Agadic

